

## RECEITAS TÍPICAS DE OUTONO

Dende o Equipo de Dinamización Lingüística Galega (EDLG) queremos que o alumnado e as súas familias participen nas distintas actividades propostas no centro. Por iso, durante o mes de Outubro e Novembro imos recompilar **RECEITAS CON PRODUTOS TÍPICOS DO OUTONO**.

Estas receitas serán expostas no centro durante un tempo e, posteriormente, confeccionarase un libro con elas que estará dispoñible na Biblioteca do centro para a súa consulta en calquera momento. O prazo para enviarnos as vosas receitas será ata o 30 de Novembro.

- Con este nota achégase unha modelo no que poderedes cubrir a vosa receita.
- O alumnado de 5º EP ata 4º ESO poderá facela dende o ordenador. Este alumnado pode atopar un modelo que pode cubrir dentro da materia de Lingua e Literatura Galega.
- Podedes anexar unha foto do prato!
- As receitas poderán ser entregadas ao voso/a profesor/a titor/a ou ben enviados ao correo: [edlgcpisanvicente@gmail.com](mailto:edlgcpisanvicente@gmail.com)

---

## CONCURSO DE RELATOS CURTOS - DEBUXOS

Xa sabedes que se achega o día do Samaín, por esta razón dende o Equipo de Dinamización de Lingua Galega queremos propoñervos que participedes no **CONCURSO DE RELATOS CURTOS... DE MEDO!!**

Que debeses facer para participar? Teredes que escribir un relato curto de medo en galego!

Para quen o desexe tamén poderá participar no **CONCURSO DE DEBUXOS DE MEDO!**

A gañadora ou gañador dos concursos recibirán un agasallo.

- O relato deberá ter unha extensión máxima de unha cara, con letra Time New Roman en tamaño 12. O interliñado deberá ser de 1'5.
- A data límite para presentar os contos será o día 20 de Novembro.
- Os relatos poderán ser entregados ao voso/a profesor/a titor/a ou ben enviados ao correo: [edlgcpisanvicente@gmail.com](mailto:edlgcpisanvicente@gmail.com)